

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruíz, María Isabel
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Ramos Cabrer, Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Armesto, María Belén
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel
Currás Valle, Consuelo
García Cutrín, Francisco Javier
Garrote Velasco, Gil
Lantarón Caeiro, Eva María
Lavilla Beltrán, Isela
Montero Reguera, José Francisco
Pardo Froján, Juan E.
Reboreda Morillo, Susana
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Torres Romay, Emma

PDI-A

Collazo Fernández, Antonio
Falagán Mota, Jorge
Gómez Rodríguez, Alma M^a
Lorenzo Rodríguez, Edita
Paz Penín, Concepción
Pazos Arias, José Juan
Peña Gallego, M^a de los Ángeles
Porteiro Fresco, Jacobo
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Ferreiro Vázquez, Óscar
Torres Outón, Sara M^a

ESTUDANTES

Barbeito Pérez, Sara
Carro Parafita, Pedro Manuel
Diz Folgar, Manuel
Ramos Vázquez, Antonio Manuel

PAS

Cebro Rodríguez, Xoan

CONSELLO SOCIAL

Blanco Gómez, César
Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María
Ríos Santomé, M^a José
Vera Isasa, María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Fernández Suárez, Emilio
Ferro Soto, Carlos Antonio
González Santamaría, Pedro
Rúa Estévez, José Manuel

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 01 de febreiro de 2022, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 01 de febreiro de 2022 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, o secretario xeral e outros membros do equipo de goberno asisten presencialmente no Paraninfo, xunto coas persoas que así o solicitaron con carácter previo. Os restantes asistentes conéctanse en liña, sen que consten particulares incidencias. Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma. Previamente ao comezo da reunión, expúxose o seguinte aviso:

“Se hai problemas técnicos, inténtao de novo ou revisa se no teu correo te chega unha invitación a unha sala alternativa coa correspondente clave.

NORMAS

Conexión do micro e do vídeo:

- *Para a identificación dos membros por parte do secretario xeral (antes do inicio da sesión)*
- *Nas quendas de palabra.*

Intervencións: máximo 5 minutos

Uso do chat: para pedimentos de palabra e de “votación”.

En cada punto:

- *Proposta de aprobación por asentimento*
- *Petición de intervención coa palabra “debate” no chat (un minuto)*

• *Se non hai petición de “debate” e de “votación”, procederase á aprobación por asentimento*

• *Se hai petición de “votación”, farase coa ferramenta da que dispón a aplicación nun tempo limitado*

• *Suma dos votos das persoas conectadas e dos membros presentes no Paraninfo que non estean conectados e anuncio do resultado das votacións por parte do secretario xeral”.*

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 21 de decembro de 2021 e 13 de xaneiro de 2022.

O reitor informa de que non se recibiron alegacións ás actas.

Apróbanse por asentimento as actas.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Impacto previsible da reforma laboral:
 - Elimínanse todos os contratos de obra e de servizo.
 - Os contratos de investigación pasan a ser indefinidos.
 - Estamos buscando solucións que permitan seguir traballando, pero, a día de hoxe, só podemos facer contratos por un máximo de seis meses e ata o 30 de marzo.
 - Teremos o venres unha xuntanza cos IP dos proxectos.
- Posta en marcha de Peoplenet:
 - Este mes, a nómina xa se pagou a través de Peoplenet. Trátase dunha aplicación máis moderna, máis segura e con máis opcións.
 - En breve porase en marcha, grazas a este software, o portal do empregado/a.
- Vindeiras xuntanzas:
 - Consello de Universidades: 2 de febreiro (informe da Lei da ciencia, homologacións).
 - Consello Galego de Universidades: 8 de febreiro (Creación de novos centros docentes e renomeamento).
- Busca de participantes nos centros interuniversitarios: CITMAGA, CISPAC e ECOBAS.
- Realizouse un cribado masivo voluntario da covid-19 entre o PDI e o PAS.
- Colaboración de Marta Ortega en apoio a novos artistas da Facultade de Belas Artes. A facultade recibirá os cartos recadados na exposición *Peter Lindbergh–Untold Stories*.
- Sinatura dun convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e as tres universidades para un estudo sobre o efecto do cambio climático na costa galega.
- Fernando Pérez, Premio Galicia de Innovación e Deseño.
- O Foro Económico de Galicia pon en valor a dixitalización. Na redacción do documento participaron os profesores Fernando Pérez, Domingo Docampo e Xosé Carlos Arias.
- Manuel A. Candelas Colodrón presenta unha edición anotada de *Cima del Monte Parnaso Español* de José Delitala.
- Nicanor Alonso, Miguel Mirás e Raúl Gómez Pato editan en galego o libro de Copérnico *Sobre a revolución dos orbes celestes*.

- Juan Picos e a Escola de Enxeñaría Forestal coordinaron, con 200 profesionais e coa Consellería de Medio Rural, os traballos para levar adiante as liñas da futura lei de loita contra os incendios de Galicia.
- I Xornadas de Innovación Educativa. Proxectando o futuro na escola desde o Concello de Marín. Jorge Soto, a coordinadora do grupo Gies-10, Margarita Pino, e a concelleira de Educación de Marín, Marián Sanmartín.
- O grupo EcoEvo describe unha nova especie de libélula en Fixi.
- Campus do Mar asesora once universidades de Perú.
- O Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo, en colaboración con atlantTic e a Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación do campus de Pontevedra, poñen en marcha Misión Azul. Trátase dun proxecto de alfabetización científica mariña e de formación do profesorado.
- Vigo acolleu unha xornada técnica da RUEPEP.
- O título de Especialista en ciberseguridade industrial cobre todas as prazas dispoñibles.
- O Campus Auga, listo para presentarse á acreditación.
- Colmea de ideas: 14 retos propostos por empresas para o noso estudantado.
- Visita da directora da ANECA, Mercedes Siles. Probable inclusión de cargos académicos no sexenio de transferencia. Trabállase no sexenio de transferencia, no de docencia e na avaliación institucional.
- Unidade de Igualdade:
- Observatorio Stop Machitroles: identificación de formas de acoso machista nas redes sociais. Publicación de dúas guías de investigación con perspectiva de xénero.
- 11 de febreiro: V Xornada Experimenta en feminino. Julia Carballo (Facultade de Ciencias), Alma Gómez (Escola Superior de Enxeñaría Informática) e Nieves Lorenzo (Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo) coordinan preto dun cento de persoas, maioritariamente investigadoras do campus de Ourense.
- O reitor informa de que, na comisión de ética Antonio Villanueva é substituído polo estudante Alexo Breogán Riobóo Lois, agradecendo a ambos.

3. Aprobación, se procede, da convocatoria de eleccións a representantes no Claustro Universitario.

O reitor aclara que o calendario é moi parecido ao de fai catro anos, agás pola Semana Santa, e cede a palabra ao secretario xeral, que pasa a expoñer o calendario aprobado pola Comisión Electoral (artigo 8 do Regulamento Electoral Xeral), correspondendo ao Consello de Goberno aprobar a convocatoria de eleccións sobre a base do mesmo (artigo 16 ñ dos Estatutos), e correspondendo ao reitor a convocatoria de eleccións a reitor/a (artigo 51 do Regulamento Electoral Xeral):

- 18/02/2022: Publicación dos censos provisionais
- 21/02/2022 ao 25/02/2022: Prazo de reclamación aos censos provisionais
- 11/03/2022: Publicación dos censos definitivos
- 14/03/2022 o 18/03/2022: Prazo de presentación de candidaturas

- 28/03/2022: Proclamación provisional de candidaturas
- 29/03/2022 ao 31/03/2022: Prazo de reclamacións ás candidaturas provisionais
- 5/04/2022: Proclamación definitiva de candidaturas
- 19/04/2022 ao 2/05/2022: Campaña electoral
- 3/05/2022: Xornada de reflexión
- 4/05/2022: Votación
- 5/05/2022: Proclamación provisional de resultados

Apróbase, por asentimento, a convocatoria de eleccións a representantes no claustro.

4. Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2022/2023.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, quen indica o seguinte:

- 50.000 €
- Prazo: ata o 18 de febreiro de 2022
- Criterios acordados:
 - 2 puntos por sexenio. 1 punto adicional se «sexenio vivo».
 - 1,5 puntos por quinquenio.
 - Cargos de xestión:
 - Últimos 10 anos: valoración da ACSUG para os complementos.
 - Entre 10 e 20 anos: 75 % do anterior.
 - Máis de 20 anos: 50 % do anterior.

Apróbase, por asentimento, a convocatoria de anos sabáticos.

5. Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2022/2023.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, quen indica os axustes respecto do curso presente (van resaltados) e que se aprobaron por asentimento na COAP:

- PDA grao:
 - Co fin de garantir a optatividade, será necesario ofertar polo menos unha optativa máis das que ten que cursar o/a estudante. Todas aquelas materias que nos últimos dous anos non tiveran matrícula superior a un estudante propio novo, deberán ser substituídas por unha nova oferta.

- PDA mestrado:
 - As horas de docencia presencial que recibe un/unha estudante en cada materia ordinaria non poderán exceder as 8 horas por ECTS, ~~no caso de mestrados presenciais.~~ **Do mesmo xeito**, as ditas horas non poderán ser inferiores a 5 horas por ECTS.
 - A coordinación de todas as materias corresponderá a persoal docente da Universidade de Vigo, ~~reservando un mínimo dunha hora para a persoa designada para levar a cabo esta tarefa.~~

Bolsa de horas de centros:

- O Programa de Maiores terá a consideración dunha titulación adicional na Escola Universitaria de Estudos Empresariais de Vigo, **na Escola de Enxeñaría Forestal de Pontevedra e na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense. Os graos en inglés do Programa Ultraia considéranse titulacións independentes.**

Apróbanse, por asentimento, os criterios de elaboración da PDA.

6. Aprobación, se procede, do teito de horas destinadas a actividades de xestión e de apoio nos centros e nos campus para o curso 2022/2023.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado que manifesta que a bolsa estivo conxelada e expón a actualización que correspondería ao vindeiro curso:

Bolsas de horas 2021/2022:

- Centros: 9150 (incrementa 120)
- Mestrado: 2650 (incrementa 150)
- Doutoramento: 1450
- Campus de Excelencia: 480

PROPOSTA: 14.000 horas

Apróbase, por asentimento, o teito de horas.

7. Aprobación, se procede, da normativa de dedicación e de recoñecementos docentes do profesorado.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, quen expón os seguintes cadros (remarcando os cambios respecto do curso presente):

	0 sex	1 sex	2 sex	3 sex	4 sex	5/6 sex
≥ n-7	320→ 240/270*	240	240→ 200	160	160	160
n-8	320→ 270	320→ 240	320→ 240	320→ 200	320→ 160	
n-9		320→ 270		320→ 270	320→ 240	
n-10			320→ 270		320→ 240	
≤ n-11		320→ 270	320→ 270			

*Para 0 sexenios, ano do primeiro contrato permanente: de n-3 a n → **240**; de n-7 a n-4 → **270**.

n: ano de inicio do curso académico

Tomarase como ano de referencia dun sexenio o da convocatoria na que se solicite.

- Para o PDI que teña cumpridos 63 anos ou máis na data de inicio do curso académico, o máximo de dedicación docente será de 260 horas.
- No caso de sexenios en fase de recurso, procederase ao reaxuste correspondente no momento da resolución deste, aínda que sexa nunha data posterior.

Recoñecemento de actividades de goberno e representación (RAGR)			Porcentaxe
R.1. Cargos Académicos	R.1.1	Reitor/a	100%
	R.1.2	Vicerreitor/a, Secretario/a Xeral, Valedor/a Universitario/a	75%
	R.1.3	Comisionado/a, Delegada/o na <u>CiUG</u> →	62.5%
	R.1.4	Decano/a e Director/a	50%
	R.1.5	Director/a de Área	37.5%
	R.1.6	Director/a de Departamento	18.75%
	R.1.7	Vicedecano/a, Subdirector/a e Secretaria/o Centros	18.75%
	R.1.8	Secretaria/o, Subdirección/a, Xefe/a Sección Departamentos, Centros de Investigación e Agrupacións Estratéxicas	12.5%
	R.1.9	Coordinador/a Grao e Coordinador/a Máster ²	12.5%
R.3. Órganos de goberno da U.Vigo	R.3.1	Membro de Consello de Goberno da U. Vigo	3%
	R.3.2	Membro do Consello Social da U. Vigo	1%
	R.3.3	Membro do Claustro da U. Vigo	1%
	R.3.4	Membro de Consello de Campus	1%
	R.3.5	Membro de Comisións delegadas do Claustro ou Mesa	2%
	R.3.6	Membro de Comisións delegadas do Consello de Goberno	2%

Acórdase, por asentimento, a proposta.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado que expón o seguinte cadro:

PRAZAS	ÁREA	DEPTO.	CAMPUS
I	Botánica (063)	Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo (C02)	VIGO
I	Ecología (220)	Ecología e Bioloxía Animal (C04)	VIGO
I	Economía Aplicada (225)	Economía Aplicada (X06)	VIGO

2	Educación Física e Deportiva (245)	Didáctica Especiais (X05)	PONTEVEDRA
1	Máquinas e Motores Térmicos (590)	Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos (T03)	VIGO
1	Química Orgánica (765)	Química Orgánica (C12)	VIGO
1	Teoría do Sinal e Comunicaci3ns (800)	Teoría do Sinal e Comunicaci3ns (T14)	VIGO

Apr3base, por asentimento.

9. Aprobaci3n, se procede, da selecci3n de 3reas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de profesorado titular de universidade correspondente 3 OEP do ano 2021 (Plan de promoci3n CG 20/03/2019) e creaci3n das prazas correspondentes.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenaci3n Acad3mica e Profesorado, que exp3n o seguinte cadro (segundo n3mero de prazas / 3rea de coñecemento / Departamento / Campus):

- 1 3lxebra (005) Matem3ticas (C06) OURENSE
- 1 Comercializaci3n e Investigaci3n de Mercados (095) Organizaci3n de Empresas e M3rketing (X09) VIGO
- 2 Comunicaci3n Audiovisual e Publicidade (105) Comunicaci3n Audiovisual e Publicidade (X14) PONTEVEDRA
- 1 Dereito do Traballo e da S. Social (140) Dereito P3blico Especial (X13) VIGO
- 1 Dereito Financeiro e Tributario (150) Dereito P3blico Especial (X13) VIGO
- 1 Dereito Inter. P3blico e Relac. Interna. (160) Dereito P3blico (X03) OURENSE
- 1 Dereito Penal (170) Dereito P3blico (X03) OURENSE
- 1 Dereito Procesual (175) Dereito P3blico (X03) VIGO
- 1 Dereito Procesual (175) Dereito P3blico (X03) OURENSE
- 1 Did3ctica da Expresi3n Corporal (187) Did3cticas Especiais (X05) PONTEVEDRA
- 1 Did3ctica das Ciencias Experimentais (205) Did3cticas Especiais (X05) PONTEVEDRA
- 1 Econom3a Aplicada (225) Econom3a Aplicada (X06) OURENSE
- 4 Econom3a Financeira e Contabilidade (230) Econom3a Financeira e Contabilidade (X07) OURENSE
- 3 Educaci3n F3sica e Deportiva (245) Did3cticas Especiais (X05) PONTEVEDRA
- 1 Enxeñar3a El3ctrica (535) Enxeñar3a El3ctrica (T02) VIGO
- 1 Enxeñar3a Mec3nica (545) Enxeñar3a Mec3nica, M3quinas e Motores Térmicos e Fluídos (T03) VIGO
- 2 Enxeñar3a Qu3mica (555) Enxeñar3a Qu3mica (T04) VIGO
- 1 Enxeñar3a Telem3tica (560) Enxeñar3a Telem3tica (T13) VIGO

- 1 Estatística e Investigación Operativa (265) Estatística e Investigación Operativa (C05) OURENSE
- 1 Filosofía do Dereito (381) Dereito Privado (X02) OURENSE
- 1 Historia Moderna (490) Historia, Arte e Xeografía (H05) OURENSE
- 1 Linguaxes e Sistemas Informáticos (570) Informática (T15) OURENSE
- 1 Mecánica de Flúidos (600) Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Flúidos (T03) VIGO
- 1 Matemática Aplicada (595) Matemática Aplicada I (T16) VIGO
- 3 Organización de Empresas (650) Organización de Empresas e Marketing (X09) OURENSE
- 1 Psicoloxía Evolutiva e da Educación (735) Psicoloxía Evolutiva e Comunicación (X10) OURENSE
- 1 Química Orgánica (765) Química Orgánica (C12) VIGO
- 1 Socioloxía (775) Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía (X11) OURENSE
- 1 Traballo Social e Servizos Sociais (813) Análise e Intervención Psicosocioeducativa (X01) OURENSE
- 1 Tradución e Interpretación (814) Tradución e Lingüística (H12) VIGO
- 1 Xenética (420) Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía (C03) VIGO

Apróbase, por asentimento.

10. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de profesorado contratado doutor ocupadas interinamente correspondente á OEP do ano 2021 (Plan de promoción CG 27/10/2021) e creación das prazas correspondentes.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado quen expón o seguinte cadro:

PRAZAS	ÁREA	DPTO.	CAMPUS
1	Ciencia Política e da Administración (070)	Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía (X11)	OURENSE
1	Comercialización e Investigación de Mercados (095)	Organización de Empresas e Márketing (X09)	OURENSE
4	Comunicación Audiovisual e Publicidade (105)	Comunicación Audiovisual e Publicidade (X14)	PONTEVEDRA
1	Dereito do Traballo e da Seguridade Social (140)	Dereito Público Especial (X13)	VIGO
1	Dereito Financeiro e Tributario (150)	Dereito Público Especial (X13)	PONTEVEDRA
1	Dereito Internacional Privado	Dereito Privado (X02)	OURENSE

	(155)		
I	Didáctica da Expresión Corporal (187)	Didácticas Especiais (X05)	PONTEVEDRA
I	Didáctica da Expresión Plástica (193)	Didácticas Especiais (X05)	PONTEVEDRA
I	Didáctica e Organización Escolar (215)	Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación (X04)	OURENSE
I	Enxeñaría Aeroespacial (495)	Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos (T03)	OURENSE
I	Enxeñaría de Sistemas e Automática (520)	Enxeñaría de Sistemas e Automática (T07)	OURENSE
I	Enxeñaría dos Procesos de Fabricación (515)	Deseño na Enxeñaría (T01)	VIGO
2	Fisioterapia (413)	Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde (C01)	PONTEVEDRA
I	Organización de Empresas (650)	Organización de Empresas e Márketing (X09)	OURENSE
I	Psicoloxía Evolutiva e da Educación (735)	Psicoloxía Evolutiva e Comunicación (X10)	OURENSE
I	Psicoloxía Básica (730)	Análise e Intervención Psicosocioeducativa (X01)	OURENSE
I	Tecnoloxía Electrónica (785)	Tecnoloxía Electrónica (T11)	VIGO
I	Traballo Social e Servizos Sociais (813)	Análise e Intervención Psicosocioeducativa (X01)	OURENSE
I	Xornalismo (675)	Psicoloxía Evolutiva e Comunicación (X10)	PONTEVEDRA

Apróbanse, por asentimento.

11. Aprobación, se procede, da suspensión do contrato de traballo de Xabier García Martínez.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado:

Xabier García Martínez (Axudante Doutor)

- C06 Matemáticas/A005 Álgebra
- Axudante doutor
- Duración: 1 ano
- Comezo: 1/2/2021 (solicitado)
- Vrije Universiteit Brussel (Bruxelas)
- Ámbito de traballo: álgebra categórica

Apróbase, por asentimento.

12. Ratificación, se procede, do acordo do Comité de dirección da Eido de modificación do artigo 38 do Regulamento de estudos de doutoramento.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, quen expón en que consiste a modificación:

~~Elimínase: «O presidente/a do tribunal convocará o acto de defensa da tese de doutoramento, e o secretario/a comunicaralle, polo menos con dez días de antelación, o día, o lugar e a hora do citado acto á escola de doutoramento. Esta, á súa vez, informará a CAPD, o/a estudante, o director/a da tese e realizará a publicidade pertinente.»~~

Substitúese por: *«Unha vez establecido o acordo sobre a data e o lugar da defensa, o secretario/a comunicaralle, polo menos con dez días de antelación, o día, o lugar e a hora do citado acto á escola de doutoramento. Esta, á súa vez, informará a CAPD, o/a estudante e o director/a da tese e realizará a publicidade pertinente. O presidente/a do tribunal convocará o/a estudante e os membros do tribunal ao acto de defensa da tese de doutoramento.»*

~~Elimínase: «En casos debidamente xustificadas que imposibiliten a presenza física dun membro do tribunal, a dirección da escola de doutoramento poderá autorizar a súa participación por videoconferencia, a condición de que os outros dous membros do tribunal estean presentes no acto. En ningún caso, este membro ausente poderá ser o secretario/a do tribunal.»~~

Substitúese por: *«Nos casos debidamente xustificadas, a dirección da escola de doutoramento poderá autorizar que a tese se defenda de xeito non presencial ou semipresencial. A Escola Internacional de Doutoramento establecerá o procedemento que cumprirá seguir nestes casos.»*

María José Ríos Santomé pregunta se o acto de defensa continuará a ser público e o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado aclara que si, dado que o exige a normativa.

Apróbase a modificación por asentimento.

13. Aprobación, se procede, das modificacións no Regulamento do persoal investigador visitante.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, que indica o seguinte respecto das modificacións, provocadas pola necesidade de integrar ás persoas investigadoras coa categoría "Margarita Salas":

Artigo 12. Participación en tarefas docentes

O persoal investigador visitante posdoutoral, que permaneza na Universidade de Vigo por períodos iguais ou superiores a tres meses, poderá, de xeito optativo, colaborar en tarefas docentes, sempre e cando respecte as condicións do contrato ou o status do seu centro de orixe. O máximo de docencia permitido será de 30 horas anuais, ou ben a parte proporcional cando o período da estadía sexa inferior a un ano. As horas de colaboración en docencia do persoal investigador incorporaranse aos plans de organización docente dos departamentos, sen que poidan dar lugar, en ningún caso, á redución da docencia do persoal docente deste.



Asemade, aclara que fora do regulamento, por acordo da mesa de negociación sindical, habería reciprocidade para os nosos Margarita Salas para impartir docencia na Universidade de destino. Se non o conseguen, poderían impartilas todas xuntas á volta (90 horas límite). Estaría aberto a outros investigadores visitantes, sempre que os seus contratos o permitan. O reitor precisa o sentido do acordo acadado na mesa de negociación.

Apróbase a modificación por asentimento.

14. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do CINBIO.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación quen expón o esquema do regulamento:

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Constitución, natureza e réxime xurídico Artigo 2. Obxecto, ámbito de actuación e vixencia

CAPÍTULO II. ESTRUTURA E GOBERNANZA

Órganos de goberno Artigo 3. Comisión reitora

Órganos de dirección, xestión e consultivos Artigo 4. Dirección

Artigo 5. Comité de dirección Artigo 6. Comité científico

Artigo 7. Comité asesor externo (CAE)/ *Scientific Advisory Board (SAB)*

CAPÍTULO III. GRUPOS DE INVESTIGACIÓN E PERSOAL

Artigo 8. Grupos do CINBIO

Tipos de grupos no CINBIO

Criterios de admisión e vinculación dos grupos do CINBIO Criterios da perda de adscrición dos grupos do CINBIO

Artigo 9. Persoal investigador e de apoio

CAPÍTULO IV. RÉXIME ECONÓMICO E XESTIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS E FUNCIONAMENTO ADMINISTRATIVO

Artigo 10. Réxime económico Artigo 11. Presupostos

Artigo 12. Recursos

CAPÍTULO V. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

Artigo 13. Modelo de avaliación e seguimento de actividade

CAPÍTULO VI. POLÍTICA DE ESPAZOS

Artigo 14. Localización

CAPÍTULO VII. POLÍTICA DE INFRAESTRUTURAS

Artigo 15. Equipamento Artigo 16. Servizos de apoio

CAPÍTULO VIII. POLÍTICA DE PUBLICACIÓN E VISIBILIZACIÓN DO CINBIO

Artigo 17. Sinatura científica e afiliación

DISPOSICIÓN FINAL

Apróbase por asentimento o regulamento.

15. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Organización de Empresas e Marketing.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, que indica que o artigo 46 dos Estatutos da Universidade de Vigo sinala que é competencia dos consellos de departamento “elaborar, aprobar e modificar a proposta do seu regulamento de réxime interno....”.

Asemade, o artigo 16 dos Estatutos da Universidade de Vigo establece que lle corresponde ao Consello de Goberno “aprobar todas as normativas que non sexan competencia do Claustro”.

Tendo en conta que o regulamento foi aprobado pola Consello de Departamento o día 24 de xaneiro e o informe da Asesoría Xurídica é favorable, se somete á aprobación do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento o regulamento.

16. Aprobación, se procede, da modificación da norma 4 1 k) do procedemento para tramitar e aprobar convenios.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen indica que se trata dunha iniciativa conxunta das tres Universidades do SUG, permitida pola lexislación vixente e que conta co informa favorable da Asesoría Xurídica. Trátase de permitir unha duración superior a catro anos para certos convenios.

Onde dí:

CUARTA. Contido

(...)

k) Prazo de vixencia, tendo en conta as seguintes regras:

1º. Os convenios terán unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos.

2º. En calquera momento antes do remate do prazo previsto no apartado anterior, quen asine convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un único período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Debe engadirse

3º. Exceptúanse do previsto nos dous puntos anteriores os seguintes convenios, que poderán ter unha duración superior, dada a súa natureza:

a) Os convenios asinados ao abeiro do artigo 34 da Lei da ciencia, tecnoloxía e innovación.

- b) Os convenios marco de colaboración.*
- c) Os convenios para a creación de cátedras institucionais.*
- d) Os convenios asinados ao abeiro de previsto no artigo 88 dos Estatutos da Universidade de Vigo para a contratación de persoal para os lectorados.*
- e) Os convenios de mobilidade de estudiantado e profesorado nos que a outra entidade teña regulamentada a exigencia dunha duración superior.*
- f) Os convenios que instrumenten a implantación de títulos conxuntos.*
- g) Os convenios de adscrición.*
- h) Os convenios de cooperación educativa para prácticas académicas externas.*

Apróbase a modificación por asentimento.

17. Aprobación, se procede, do modelo de convenio de colaboración educativa entre as universidades da Coruña, de Santiago de Compostela e de Vigo e unha entidade externa para a realización de prácticas académicas externas do estudiantado de todos os mestrados interuniversitarios do SUG.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Captación de alumnado, estudantes e extensión universitaria que expón as liñas básicas do modelo, que conta co informe favorable da Asesoría Xurídica e que foi achegado xunto coa documentación.

Apróbase o modelo por asentimento.

18. Aprobación, se procede, do modelo de convenio específico de colaboración para realizar traballos de fin de estudo (grao ou mestrado) entre a Universidade de Vigo e unha entidade externa.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Captación de alumnado, estudantes e extensión universitaria que expón as liñas básicas do modelo, que conta co informe favorable da Asesoría Xurídica e que foi achegado xunto coa documentación.

Apróbase o modelo por asentimento.

19. Nomeamento de dous representantes na Comisión de Igualdade da Universidade de Vigo:

1 PDI : Marta García Mosquera, en substitución de Emma Rodríguez Rodríguez

1 estudante: José Luís Pérez Martínez (EEI)

Resultan nomeadas as persoas propostas.



**20. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno
Comisión de Investigación: 1 estudante**

O reitor informa de que non se presentaron candidaturas.

21. Elección dos/as seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico, 1 estudante do ámbito de Humanidades.

O reitor informa de que non se presentaron candidaturas.

22. Quenda de intervencións.

O reitor abre a quenda de intervencións.

Mónica Siota Álvarez pregunta polo caso das persoas acreditadas a titular que aínda non figuran na listaxe e asemade que sucede coas persoas que renunciaron ás titularidades. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado indica que a partir de agora calquera que estea acreditado o comunique e se farán diversas convocatorias anuais para aprobar as que queden pendentes pola COAP, e que isto comezará a funcionar xa coas cátedras. Para as titularidades habería que agardar en principio á convocatoria do 2022, pero haberá que valorar como se adxudican as catro que quedaron baleiras, para non paralizar a convocatoria actual. Agardarase ata o seguinte concurso. O reitor indica que para a adxudicación inicial das catro titularidades sobrantes se atenderá aos criterios xa manexados, como o de antigüidade. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado precisa que haberá que estudar a casuística.

Sen máis asuntos na orde do día, remata a sesión ás 11:05 h do día 01 de febreiro de 2022, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral